

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 2 de xuño de 2020 na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo, que poden ser do seu interese:

- * Aprobación da acta correspondente á sesión ordinaria do 29 de abril de 2020.
- * Acordo da modificación do calendario académico para o curso 2020/21.
- * Aprobación das propostas de celebración de exames presenciais na convocatoria extraordinaria de presente curso académico (ANEXO).
- * Aprobación da prórroga extraordinaria das listas de agarda para a contratación de profesorado interino de substitución para o curso 2020/21.
- * Aprobación do procedemento para a transformación dos contratos de profesorado Axudante Doutor a Profesorado Contratado Doutor Interino no curso 2020/21.
- * Aprobación de nomeamentos e de prórrogas de profesorado emérito.
- * Aprobación das actuacións previstas cara á realización de enquisas de avaliación docente do segundo cuatrimestre do curso 2019/20.
- * Aprobación da modificación do acordo de Consello de Goberno de 11 de decembro de 2002 sobre a renuncia a quinquenios.
- * Aprobación da solicitude de modificación de oferta de prazas para o curso 2020/21 da titulación de Traducción e Interpretación.
- * Aprobación da proposta de modificación da normativa de simultaneidade no que atinxe á matrícula en estudos de posgrao.

O secretario xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Exames presenciais permitidos:

Facultade de Fisioterapia	
Fisioterapia Xeral	Grao en Fisioterapia
Cinestiterapia	Grao en Fisioterapia
Fisioterapia respiratoria e masoterapia especial	Grao en Fisioterapia
Fisioterapia neurolóxica especial	Grao en Fisioterapia
Escola de Enxeñaría Forestal	
Botánica (para 1 alumno)	Grao en Enxeñaría Forestal
Zooloxía (para 1 alumno)	Grao en Enxeñaría Forestal
Patoloxía e Pragmas Forestais	Grao en Enxeñaría Forestal
Facultade de Belas Artes	
Proxectos de Escultura e Instalacións	Grao en Belas Artes
TFG (determinados casos)	Grao en Belas Artes
Proyectos de Deseño I	Master en Deseño e Dirección Creativa en Moda
Proyectos de Deseño II	Master en Deseño e Dirección Creativa en Moda
Procesos de Investigación e Creación	Master en Deseño e Dirección Creativa en Moda
Laboratorio de materiais	Master en Deseño e Dirección Creativa en Moda
TFM (determinados casos)	Master en Deseño e Dirección Creativa en Moda